



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

**Agosto 2019**

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2019

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de comercio polo miúdo (ICM). Agosto 2019

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 3,0% en Galicia en agosto de 2019 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España aumenta un 3,2%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación aumentan un 1,8% e no Resto de produtos un 4,2%.
- En todas as comunidades autónomas aumentan as vendas minoristas agás en Navarra.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 2,0% no mes de agosto de 2019 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España un 2,6%.
- O índice xeral de ocupación aumenta o 1,1% tanto en Galicia como no conxunto do Estado.
- A ocupación crece en quince comunidades autónomas.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Agosto 2019				
Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes		Índice	Variacións (%)	
			Interanual	No que vai de ano
	<b>Xeral</b>	116,2	3,0	1,2
	<b>Xeral sen estacións de servizo</b>	115,2	3,2	1,1
	<b>Alimentación</b>	112,2	1,8	-0,1
	<b>Resto</b>	117,4	4,2	2,0

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	3,2	1,1
Xeral sen estacións de servizo	0,8	-0,1
Alimentación	2,4	1,2
Resto	0,8	-0,1

## 1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 3,0% en Galicia en agosto de 2019 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España aumenta un 3,2%.


O índice xeral sen estacións de servizo crece un 3,2% respecto a agosto de 2018. Desagregando por produtos:

- A Alimentación incrementa as súas vendas un 1,8% en Galicia e un 1,7% en España.
- O Resto de produtos rexistra un crecemento do 4,2% en Galicia e do 4,7% no conxunto do Estado.

Nos oito primeiros meses do ano, o índice xeral aumenta en Galicia un 1,2%, e en España o 2,2%. As vendas en Alimentación diminúen un 0,1% en Galicia mentres que aumentan un 1,5% en España; as vendas do Resto de produtos crecen un 2,0% en Galicia e un 2,7% no conxunto do Estado.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 3,0%.

O seguinte gráfico amosa a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




## 2. Índices por comunidades autónomas

En todas as comunidades autónomas aumentan as vendas en agosto agás Navarra (-0,6%). Os maiores incrementos danse en Andalucía (5,5%) e Madrid (4,9%).

## Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Agosto 2019

### Taxas de variación en %



No que vai de ano, as comunidades autónomas con maiores incrementos son Madrid (4,1%) e Andalucía (3,6%). Cantabria é a única comunidade onde diminúen as vendas, -0,1%.

### 3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes rexistra, no mes de agosto de 2019, un incremento do 2,0% en Galicia e do 2,6% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 2,2% en Galicia e un 2,7% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación crecen un 2,1% e no Resto de produtos un 2,3%. No conxunto do Estado, as vendas en Alimentación crecen un 2,7% e no Resto de produtos un 2,8%.

## Índices de comercio polo miúdo. Agosto 2019

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>Xeral</b>	117,3	2,0	1,4
<b>Xeral sen estacións de servizo</b>	115,4	2,2	1,3
<b>Alimentación</b>	118,0	2,1	0,5
<b>Resto</b>	112,9	2,3	1,8

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	2,0	1,4
Xeral sen estacións de servizo	2,2	1,3
Alimentación	2,1	0,5
Resto	2,3	1,8

Nos primeiros oito meses do ano, o índice xeral crece un 1,4% en Galicia, taxa inferior á do conxunto de España (2,7%).

#### 4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa un incremento interanual do 1,1% no mes de agosto en Galicia e no conxunto do Estado.

No que vai de ano, a ocupación aumenta un 0,8% en Galicia e un 1,1% no conxunto do Estado.


#### 5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en agosto en todas as comunidades autónomas agás en Asturias (-0,3%) e Extremadura (-0,1%). O maior incremento rexístrase en Illes Balears (2,1%).

No acumulado do ano, as taxas varían entre o 2,2% de Illes Balears e o -0,1% de Extremadura.

## Índice xeral de ocupación. Agosto 2019

### Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup> Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Agosto 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	117,3	2,0	1,4	116,2	3,0	1,2
Xeral sen estacións de servizo	115,4	2,2	1,3	115,2	3,2	1,1
Alimentación	118,0	2,1	0,5	112,2	1,8	-0,1
Resto	112,9	2,3	1,8	117,4	4,2	2,0
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	109,3	2,6	2,7	107,9	3,2	2,2
Xeral sen estacións de servizo	107,5	2,7	2,4	107,2	3,4	2,2
Alimentación	115,5	2,7	2,4	109,8	1,7	1,5
Resto	101,3	2,8	2,5	105,1	4,7	2,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Agosto 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	111,0	2,0	1,3	108,3	2,9	1,0
Xeral sen estacións de servizo	110,2	2,0	1,2	108,2	3,0	1,0
Alimentación	105,6	1,1	0,4	100,7	1,2	-0,3
Resto	112,9	2,7	1,8	114,0	4,8	1,9
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	111,6	2,6	2,7	108,6	3,2	2,1
Xeral sen estacións de servizo	110,9	2,7	2,4	108,8	3,3	2,1
Alimentación	110,9	2,5	2,4	105,4	1,7	1,4
Resto	110,7	2,7	2,4	111,6	4,5	2,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE



Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Agosto 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>109,3</b>	<b>2,6</b>	<b>2,7</b>	<b>107,9</b>	<b>3,2</b>	<b>2,2</b>
Andalucía	114,0	4,6	3,8	113,2	5,5	3,6
Aragón	106,8	0,9	1,3	105,4	1,3	0,9
Asturias	110,7	0,9	0,6	109,9	1,8	0,0
Balears, Illes	140,1	1,7	2,7	138,9	2,8	2,7
Canarias	110,4	0,5	1,7	109,6	1,4	1,4
Cantabria	120,9	-0,2	0,7	118,3	0,2	-0,1
Castilla y León	116,5	2,3	2,1	114,6	2,6	1,2
Castilla-La Mancha	112,7	2,8	3,0	111,0	3,6	2,6
Cataluña	104,9	2,7	2,3	102,2	2,9	1,5
Comunitat Valenciana	115,5	2,0	1,8	115,3	3,2	1,6
Extremadura	105,4	1,3	0,2	105,3	2,4	0,0
<b>GALICIA</b>	<b>117,3</b>	<b>2,0</b>	<b>1,4</b>	<b>116,2</b>	<b>3,0</b>	<b>1,2</b>
Madrid	98,2	4,7	5,1	96,6	4,9	4,1
Murcia, Región de	109,4	3,1	3,0	109,0	3,9	2,9
Navarra	111,1	-0,2	2,7	109,0	-0,6	1,3
País Vasco	94,3	1,0	2,0	92,8	1,3	1,3
Rioja, La	112,5	1,5	1,8	110,8	1,5	0,7
Ceuta	97,8	-1,8	-1,4	98,1	-0,5	-1,6
Melilla	106,2	-2,7	-0,4	106,4	-1,3	0,3

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Agosto 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	105,8	1,1	0,8
Xeral sen estacións de servizo	105,3	1,0	0,7
<b>España</b>			
Xeral	106,3	1,1	1,1
Xeral sen estacións de servizo	106,1	1,1	1,0

Fonte: INE

**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Agosto 2019**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>106,3</b>	<b>1,1</b>	<b>1,1</b>
Andalucía	103,5	1,1	0,8
Aragón	104,4	0,1	0,8
Asturias	107,6	-0,3	0,3
Balears, Illes	119,3	2,1	2,2
Canarias	108,9	0,9	1,2
Cantabria	105,4	1,0	0,7
Castilla y León	105,7	1,2	1,4
Castilla-La Mancha	102,9	1,1	0,8
Cataluña	105,9	1,2	1,3
Comunitat Valenciana	111,7	1,6	1,4
Extremadura	103,5	-0,1	-0,1
<b>GALICIA</b>	<b>105,8</b>	<b>1,1</b>	<b>0,8</b>
Madrid	105,8	1,2	1,0
Murcia	106,9	1,3	1,1
Navarra	104,3	1,1	1,7
País Vasco	103,5	0,4	0,8
Rioja, La	106,5	0,2	0,6
Ceuta	103,4	-0,4	-0,4
Melilla	103,1	0,7	0,4

Fonte: INE